



NORMAS DE PRÉSTAMO DE MATERIAL

O obxectivo do préstamo é permitir aos socios do Club Alpino Ourenseño que non dispoñan de material propio, facer uso do material do que dispón o club. Este regulamento ten como finalidade asegurar a dispoñibilidade, conservación e correcta xestión do material coas máximas garantías, e priorizando o uso conforme a unhas normas.

1. Usuarios

Para poder facer uso do material deberase ser socio do Club Alpino Ourenseño e estar ó corrente no pago da cota de socio.

O material é de uso exclusivo dos socios, quedando prohibido a cesión e/ou uso por parte de persoas non socias.

2. Niveis de préstamo

Para o préstamos de material atenderase a seguinte orde en función da actividade a realizar:

- a) Cursos de federacións ás que está adherido o Club Alpino Ourenseño e cursos do Club Alpino Ourenseño.
- b) Actividades organizadas polo Club Alpino Ourenseño.
- c) Actividades das federacións ás que está adherido o Club Alpino Ourenseño.
- d) Actividades particulares no estranxeiro.
- e) Outas actividades particulares dos socios.

3. Condicións do préstamo



Un socio so poderá retirar material para él e para terceiros socios que vaian a participar na mesma actividade, recaendo a responsabilidade sobre o material no socio que o retirou.

No caso de que as solicitudes de material excedan a cantidade dispoñible, este entregárase por orde de solicitude conforme os niveis de préstamo. Así mesmo, terán prioridade de préstamo os socios que a semana anterior non fixeran uso do material do club.

4. Solicitude de material

Para retirar material o socio deberá realizar unha solicitude previa co fin de confirmarlle a dispoñibilidade do mesmo e garantir a presenza no local do club do coordinador de material ou a persoa que o substitúa, única persoa autorizada para entregar o material.

A solicitude poderá realizarse mediante un formulario establecido a tal efecto na páxina web do club ou perante o correo electrónico material@clubalpinoourensan.es, indicando como mínimo a data de recollida e o material solicitado. No caso de actividades organizadas polo club a reseva de material no momento de apuntarse será suficiente, salvo que se desexe recoller o material un día distinto ao día de apertura de club, anterior a realización da actividade.

5. Duración do préstamo

A duración do préstamo non poderá sobrepasar unha fin de semana, salvo nos supostos de actividades cunha duración maior e sempre que sexa a mesma actividade, suposto que haberá que comunicar no momento de recollelo.

Poderá renovarse o préstamo para a seguinte semana salvo que se precise dispoñer do mesmo conforme os niveis de préstamo anteriormente establecidos.

6. Retirada do material

A retirada do material realizarase no horario de apertura do local do club. Excepcionalmente poderase retirar noutros días e horarios sempre que o coordinador de material, ou a persoa que o substitúa, poida realizar a operación.



No momento de recoller o material o socio firmará a saída do mesmo.

7. Devolución do material

O socio deberá devolver o material na data acordada no momento de retiralo. A non devolución do mesmo no prazo acordado, salvo en casos de forza maior, acarreará unha sanción conforme o punto 9.

O socio, no momento de retirar o material, deberá proceder ó seu exame, notificando as posibles anomalías detectadas; o socio será responsable dos desperfectos e deterioro que presente o material no momento da súa devolución, así como da súa perda, tendo que reparalo ou repoñelo. No caso de que esté esgotado deberá adquirir outro de similares características a proposta do coordinador de material.

Estará absolto do coste de dita reparación ou reposición, cando a anomalía se producise por un desgaste ou uso normal do material.

8. Responsabilidade

Ao facerse cargo do material, o socio que o retira, comprométese a utilizalo de boa fe e acorde ás normas de seguridade específicas de cada elemento.

O Club Alpino Ourenseño non se responsabilizará de danos derivados directa ou indirectamente dun mal uso do material prestado, por parte dun socio, ou persoa allea que eventualmente tivera acceso ó material prestado a un socio.

9. Sancións aplicables

Os retrasos na devolución de material serán sancionados con 5 días de suspensión do dereito de préstamo por cada material e día natural de demora a partir da data de devolución acordada no momento de retirar o material, e ata un máximo de tres meses.

O retraso reiterado na devolución de material de mais de tres veces comportará a suspensión definitiva do dereito de préstamo. As sancións serán acumulativas.



10. Cota de mantemento

No momento de retirar o material deberá aboarse a cota de mantemento establecida pola Xunta Directiva.

Os puntos 2 a) e b) están exentos de dita cota. Para o punto 2 c) a cota sera o 50% da establecida.

Conxuntamente o presidente e o tesoureiro poderán facilitar o material de maneira gratuita ós socios para participar en actividades que sendo organizadas por outra entidade allea ó club ás vocalías estimen de interese.

Anualmente destinarase a renovación e mantemento, como mínimo, unha cantidade equivalente a recadada do préstamo de material.

11. Fianza

Para retirar material cun coste superior ós 150 € poderá solicitarse unha fianza, establecida previamente pola Xunta Directiva, que será devolta no momento de devolución do material.